# Ollando para atrás:

## acitividades de Cedofeita nos últimos doce meses

Presentamos a continuación o resumo das actividades da Asociación realizadas desde outubro de 2007 ata o mesmo mes do presente ano.

## Presentación do número 11 da revista Cedofeita

Na galería Sargadelos de Pontevedra, o 14 de novembro presentouse o número 11 da revista *Cedofeita* correspondente ó ano 2007. Consta este número de sesenta e oito páxinas, en branco e negro con portada en color, que recollen, ademais das actividades realizadas pola Asociación nos doce meses anteriores, catorce artigos, así como dúas páxinas de irónico humor gráfico de José Manuel Castro que este ano versou sobre o pacto de goberno municipal.

Abriu o acto o presidente da Asociación, Xosé Álvarez Castro quen,despois de dar a benvida ós asistentes que enchían a sala e de agradecer a presenza dos compoñentes da mesa, referiuse ó interese que suscita a revista entre particulares e organismos como indicativo da acertada liña que se está a levar e salientou a participación neste número de colaboradores noveis e outros de recoñecido prestixio como Francisco Carballo. O secretario, Xosé L. Estévez Solla, expuxo os contidos da revista e, cando foi oportuno, deulle a palabra a algúns dos colaboradores como Celso Milleiro que comentou o seu artigo sobre Xosé Arribas, un lerezán alcalde de Meis, e Carlos Morgade que se referiu ó monte vecinal en relación co Plan Xeral de Ordeanación Municipal.

## XIV Xornadas micolóxicas.

O grupo micolóxico *Sendeiriña*, integrado na Asociación Cedofeita, realizou o día 1 de decembro, unha saída ó campo coa idea de recoñecer e familarizarse coas distintas clases de cogomelos e recoller aqueles que fosen comestibles. Atopamos menos ca nunca e foi a primeira vez en catorce anos que a penas collemos algún cogomelo comestible. Talvez os incendios forestais de anos pasados así como a sequía



outonal mermaron a aparición de níscalos, boletos, hidnos e outros. Menos mal que existen lugares onde venden pleurotos, champiñóns... coas que o nutrido grupo que saímos ó campo preparamos unha cea onde nos desquitamos do mal sabor de boca da mañá.

## Asemblea xeral

A asemblea xeral anual tivo lugar o 28 de febreiro de 2008. No seu decorrer aprobouse a xestión realizada no ano anterior, así como o estado de contas da asociación que presentou o tesoureiro. Tamén a asemblea aceptou o proxecto de actividades para o ano 2008. Por último, aprobouse a incorporación á directiva de Isidoro González Paz.

## Roteiro polas beiras do Lérez



*Roteiro*

O 18 de maio, unhas trinta persoas saímos das proximidades da Facultade de Ciencias Sociais para facer este roteiro que organizaba a nosa Asociación. Dirixímonos cara a Xunqueira onde nos detivemos brevemente para observar e comentar algunhas esculturas ubicadas na illa. Cruzamos o río e encamiñámonos pola beira esquerda cara a Bora. Durante o percorrido, que durou arredor de tres horas, fóronse comentando diversos aspectos históricos, culturais, e ambientais da contorna así como algunhas lendas relativas ó río: *o pozo de crego, o pozo do inferno, a dama do Lérez*... Á volta, sempre que puidemos, camiñamos pola outra beira, achegándonos incluso á zona da Illa situada á beira do río de Couso e ó mosteiro. Rematarmos no punto de saída despois de baixar polo Gramal.

## Viaxe cultural



*Viaxe cultural*

O oito de xuño saímos cara o parque eólico experimental Sotavento que se situa entre os concellos de Xermade (Lugo) e Monfero (A Coruña) Trátase dun centro onde se investigan e divulgan as distintas enerxías renovables. Chegamos e fomos recibidos no vestíbulo do edificio que simula as tres aspas dun aereoxerador. Mostráronnos diversas dependencias das que podemos salientar a sala de eficiencia enerxética, onde nos explicaron certas pautas para aforrar enerxía. Tamén nos agradou poder observar o interior dun aeréoxerador, así como coñecer como funcionan os mecanismos de seguridade. Despois visitamos o mosteiro cisterciense de Monfero, do século XII pero renovado no XVII, de cuxa renovación destaca a igrexa cunha singular fachada que se organiza en rúas axadrezadas (combinación de granito e lousa), separadas por dúas pilastras e catro columnas de orde xigante coroadas por capiteis corintios. Xantamos na Capela e, pola tarde visitamos o

museo etnográfico desta localidade. Xa de regreso fixemos unha parada que sempre merece a vila de Betanzos.

## Participación no ciclo de conferencias sobre a Feira Franca

O Consello Aberto da Feira Franca, no que está integrada a nosa Asociación, organizou un ciclo de conferencias nas dependencias da Obra Social de Caixa Galicia, onde distintos colectivos contaban as experiencias da súa participación neste singular evento pontevedrés logo dos nove anos de andaina. O 25 de xuño, pechábase o ciclo coa intervención da nosa Asociación por medio de seu presidente, Pepe Álvarez, quen explicou con apoio gráfico a nosa aportación á Feira Franca e as técnicas dun dos oficios máis recoñecidos na Idade Media como son os tintureiros, pois, como se sabe, Cedodeita colabora cun obradoiro de tinguidura que se instala na rúa Sarmiento,

## XIV Exposición de Cedofeita: Lugar de encontro. Tendas e tabernas de Lérez.



A exposición *Lugar de encontro* estivo dedicada a tendas e tabernas de Lérez. Presentáronse setenta e dous establecementos que se ubican cronoloxicamente desde finais do século XIX ata aqueles cuxa apertura ocorreu hai vinte e cinco anos. Da maior parte dos establecementos mostráronse fotografías das instalacións e dos propietarios e todas ían acompañadas dunha breve reseña idendificativa Todo o conxunto distribuíuse en once paneis máis un cun mapa de situación. Xunto con estes recursos gráficos, mostrouse unha abundante selección de obxectos propios de tendas e tabernas daqueles tempos que ían desde balanzas e medidores de aceite ata copas, cuncas e coitelos, obxectos que chamaron a atención ós visitantes. A exposición programouse para estar aberta no mosteiro de Lérez os días 2, 3, 4, 5 e 6 de agosto, pero prorrogouse un día máis dada a afluencia de público. Desde aquí queremos agradecer a colaboración de todos aquelas persoas que cederon fotografías e diversos obxectos que permitiron a realización desta mostra.

## Obradoiro de tinguidos na Feira Franca



*Feira Franca*

A Asociación Cedofeita colaborou un ano máis na recreación da popular Feira Franca de Pontevedra que, nesta ocasión celebrouse o pasado 6 de setembro. Xa é o quinto ano que participamos cun obradoiro de tinguido tradicional, sumándonos a outros colectivos que, como nós, tamén representaban oficios: ferreiros, redeiros, ferradores, toneleiros, etc. que ambientaron as prazas da vila dándolle un aspecto que lembraba aquela feira de san Bartolomeu de tempos pasados. No noso obradoiro mostramos como antigamente, os tecidos naturais, como a la ou o liño, podían tinguirse

empregando plantas coma o fiuncho, cascas como a do sabugueiro, froitos coma as amoras, etc. e obter vistosas e sólidas cores. O taller foi visitado por numerosas persoas e aquelas que o requerían eran informadas de como se realiza o proceso de tinguir. Recibimos numerosos parabéns, tanto polo obradoiro en sí, como pola súa ambientación, así como pola ornamentación dos arcos do museo da rúa Sarmiento onde ceamos.

## Limpeza do río Rons



Membros da Asociación Cedofeita participaron na limpeza do río Rons que se realizou o pasado día catro de outubro. Foi unha actividade que formaba parte do "Proxecto Ríos" que coordina Adega coa participación doutros colectivos, consellerías e concellería de medio ambiente de Pontevedra. Acudiron máis de cincuenta persoas que retiron do cauce do río múltiples e variados obxectos como rodas, incluso de tractor, radiadores, ferros de todo tipo, tuberías de diversos materiais... e bolsas en gran cantidade.

## Colaboracións

Ó longo destes últimos doces meses, Cedofeita colaborou con outras entidades das que cabe salientar as seguintes:

Participa nas reunións e actividades do Consello Aberto de Feira Franca.

Colabora con otras asociacións como a do Cristo del Consuelo a quen se lle facilitaron fotografías do río Lérez para a exposición da camelia, a do Burgo, etc.





*Debuxo de Fernando M. Vilanova*


LUGAR DE ENCONTRO
Exposición 2008
Tendas e Tabernas de Lérez
LUGAR: Mosteiro de Lérez
DATAS: 2, 3, 4, 5 e 6 de agosto
HORARIOS
EN EL MONASTERIO SE EXHIBIRÁN MÁS DE 170 FOTOS
Aquellas viejas tabernas
Expresión Producción presenta o seu espectáculo «Imasxinarium plus»
LÉREZ AÑORA SUS TABERNAS
Cedofeita inaugura unha exposición sobre las tabernas de Lérez
EXTRA | FERIA FRANCA | 9
Interesante obradoiro de tintureiros
A Asociación Cedofeita de Lérez recrea oficios da época medieval
Muestra "Tendas e Tabernas de Lérez" en el monasterio
Redacción | PONTEVEDRA
El monasterio de Lérez acoge desde hoy una exposición de fotografías y objetos de "Tendas e Tabernas de Lérez", organizada por la asociación cultural Cedofeita. Se inaugura a las 12.00 horas de hoy.
PONTEVEDRA
EXPOSICIÓN EN EL MONASTERIO DE SAN BENITO
Cuando la vida giraba en torno a la tabern
Semblanza de las sagas familiares que las atendían
Además de vender comestibles y bebidas cumplían una función social como lugar de reunión y tertulia
Clausura de la exposición sobre las tabernas de Lérez
PONTEVEDRA | La asociación sociocultural Cedofeita clausura hoy la exposición en la que se recuerda a las 72 tabernas y tiendas que tuvo la parroquia de Lérez a lo largo de su historia. La muestra, inaugurada el pasado sábado en los salones parroquiales del monasterio del Divino Salvador, cerrará sus puertas a las 22.00 horas.
Las personas que aún no hayan tenido ocasión de contemplar las 170 fotografías y los objetos utilizados en los antiguos establecimientos hosteleros (como básculas y dispensadores de aceite) podrán visitar la muestra durante la jornada de hoy, desde las 11.00 hasta las 14.00 horas y desde las 19.00 hasta las 22.00 horas.
FERRETERÍA GALLEGA
HERRAJES
Pontevedra
De tabernas por Lérez
Cedofeita amosa no Mosteiro perto de 200 imaxes de tendas e tascas da parroquia ao longo da historia
PONTEVEDRA | CIUDAD
La parroquia de Lérez tuvo 72 tiendas y tabernas a lo largo de su historia
Cedofeita reúne en una muestra fotos y objetos de los antiguos establecimientos
Ruta tabernaria por Lérez
Una exposición de fotos recuerda las tiendas y tabernas antiguas de Lérez
O ministro de Cultura visita a cidade
Una mostra no mosteiro de Poio ofrece claves para aforrar enerxía e facer fronte á crise
La mujer llevaba el peso del negocio
PORQUE NON SON ADICT